

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	6º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente Programación Didáctica está enmarcada no "Decreto 155/2022 do 15 de setembro (DOG 16-09-22) polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos recollidos neste Decreto.

A presente programación vaise desenvolver nun centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) situado na parroquia de Beluso, no Concello de Bueu, provincia de Pontevedra. Dito centro é de liña 1. Por tal motivo, o centro está composto por un edificio con espazos diferenciados para as dúas etapas que nel se imparten.

O horario do centro é de xornada continua de 9:00 a 14:00. O centro conta con comedor e transporte escolar, seguindo as pautas facilitadas no Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación de servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia así como no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación.

En relación ao profesorado, cabe destacar que hai un total de 15 docentes, incluíndo ás profesoras de Educación Infantil, as profesoras de Educación Primaria, os especialistas e o equipo de orientación, é dicir, cóntase con: 3 mestras de e unha mestra de apoio; 6 titoras/es de Educación Primaria (unha delas cumpre tamén a función de directora e outra de xefa de estudos); unha especialista de lingua inglesa que cumpre a función de secretaria, un especialista de música, unha especialista de educación física, un mestre de relixión compartido con outro centro, unha orientadora, unha mestra de Pedagogía Terapéutica e unha mestra de Audición e Linguaxe compartida tamén con outro centro.

En canto ao alumnado, os alumnos e alumnas que forman parte deste centro, proceden na súa maioría de zonas próximas ao centro. Pertencen, así mesmo, a un grupo social de clase media. Trátase dun total de 113 alumnos e alumnas.

A lingua predominante no alumnado/as é o castelán, sendo competencia do centro que ao final da etapa acaden as competencias en ámbalas dúas linguas oficiais. A área de Ciencias Sociais pode e debe contribuír a acadar este obxectivo.

Está programación consta de seis Unidades Didácticas, dúas para cada trimestre. A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta. Centrándonos na idade á que vai dirixida esta programación, en 6º de EP (11 ou 12 anos), o alumnado está a piques de entrar na fase das operacións abstractas (Piaget) e deixar atrás a fase das operacións concretas (Piaget). Todo isto, significa que xa poden razoar sen ter presente obxectos físicos. Tamén, comezan coa etapa do espazo euclidiano (as tres dimensións).

Ao mesmo tempo, este nivel remata o 3º e derradeiro ciclo de primaria, que procura que o alumnado deste centro mellore significativamente na súa autonomía ao longo deste. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianced os contidos traballados en niveis anteriores, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expór e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O relevo, os ríos e as costas de Europa	- Identificar os distintos elementos do relevo de Europa: as montañas, macizos, cordilleiras, as chairas, depresións. - Recoñecer os principais mares, costas e illas de Europa. - Coñecer e identificar os principais ríos de Europa.	17	12	X		
2	Os climas e paisaxes de Europa e a intervención humana no medio	- Analizar a diferenza entre clima e tempo. - Coñecer os factores e elementos do clima. - Identificar, coñecer e diferenciar as distintas paisaxes que podemos atopar en Europa. - Coñecer os climas de Europa e as súas paisaxes. - Ser conscientes da relación entre o ser humano e o medio ambiente. - Causas e consecuencias da influencia do ser humano no medio ambiente e no cambio climático.	16	11	X		
3	A poboación	- Estudo da poboación. O crecemento natural. - Descubrir os movementos migratorios. - Descubrir as principais características da poboación no noso territorio. - Interpretar as pirámides e os gráficos de poboación. - Coñecer a diversidade social no mundo actual.	17	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A poboación		17	12		X	
4	A vida económica	- Identificar e caracterizar os sectores económicos. - Recoñecer as principais actividades económicas de Europa. - Tomar consciencia da influencia da economía nas nosas vidas. - Familiarizarse cos conceptos económicos: uso diñeiro responsable, bancos, aforro... - Entender a importancia e o funcionamento das empresas e do traballo na economía. - Coñecer que significa o espírito emprendedor.	16	11		X	
5	A organización política de Europa	- Explicar que é a Unión Europea, as súas institucións, os seus símbolos e cales son os seus obxectivos políticos e económicos. - Localizar nun mapa os países membros e as súas capitais. - Determinar as vantaxes e desvantaxes de formar parte da Unión Europea. - Identificar e diferenciar as formas de organización política e territorial de España. - Identificar as formas de organización política e territorial de Galicia. - Valorar a diversidade institucional, cultural e lingüística do Estado e da Autonomía.	17	12			X
6	A historia contemporánea de España	- Analizar as transformacións económicas, políticas, sociais e culturais dos séculos XIX e XX, nun contexto mundial. - Adquirir unha perspectiva global da Idade Contemporánea. - Localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia contemporánea española e galega. - Identificar e describir os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España e de Galicia, así como os seus representantes máis significativos. - Analizar as características económicas e sociais actuais, valorando os cambios e procesos que as converteron no que hoxe son.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O relevo, os ríos e as costas de Europa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito básico, elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e valoralo como ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na

Contidos

- vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio.
- A contorna que nos rodea. A diversidade xeográfica de España e de Europa. Representación gráfica, visual e cartográfica a través de medios e recursos analóxicos e dixitais usando as tecnoloxías da información xeográfica (TIX).
- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.
- O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

UD	Título da UD	Duración
2	Os climas e paisaxes de Europa e a intervención humana no medio	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito básico, os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura os instrumentos e dispositivos apropiados, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Participar en experimentos guiados e no rexistro dos datos correspondentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora.
- Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións.
- A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico.
- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos.
- O futuro da Terra e do universo. Os fenómenos físicos relacionados coa Terra e o universo e a súa repercusión na vida diaria e na contorna. A exploración espacial e a observación do ceo; a contaminación lumínica; a concienciación polo coidado do medio.
- O clima e o planeta. Introducción á dinámica atmosférica e ás grandes áreas climáticas do mundo. Os principais ecosistemas e as súas paisaxes.
- O cambio climático. Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia, interdependencia e interrelación entre persoas, sociedades e medio natural.
- Estilos de vida sustentable: a pegada ecolóxica.

UD	Título da UD	Duración
3	A poboación	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito básico, os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.

UD	Título da UD	Duración
4	A vida económica	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito básico, os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos, comunicación de resultados...). Iniciativa emprendedora. - Técnicas para unha adecuada exposición oral dos resultados dunha investigación, con claridade e orde. Presentación de resultados en formatos diversos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. Realización dun glosario. - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións. - A relación entre os avances en matemáticas, ciencia, enxeñería e tecnoloxía para comprender a evolución da sociedade no ámbito científico-tecnolóxico. - Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise, individual e cooperativamente, facilitando o diálogo e a resolución de conflitos. - Economía verde. A influencia dos mercados (de bens, financeiro e laboral) na vida da cidadanía. Os axentes económicos e os dereitos laborais desde unha perspectiva de xénero. O valor social dos impostos. Responsabilidade social e ambiental das empresas. P

UD	Título da UD	Duración
5	A organización política de Europa	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	80
CA2.2 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Relacionar, de xeito básico, os diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.4 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna.	Participar na resolución dos problemas ecosociais proponendo respostas axeitadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Resolver de forma pacífica e dialogada os conflitos, promovendo unha interacción respectuosa e equitativa a partir da linguaxe inclusiva e non violenta e explicando e exercitando as principais normas, dereitos, deberes e liberdades que forman parte da Constitución española e da de Unión Europea, e coñecendo a función que o Estado e as súas institucións desempeñan no mantemento da paz, a seguridade integral cidadá e o recoñecemento das vítimas da violencia.	Coñecer as funcións das institucións e levar a cabo unha resolución pacífica dos conflitos.		
CA3.4 - Explicar o funcionamento xeral dos órganos de goberno do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando as súas funcións e a xestión dos servizos públicos para a cidadanía.	Expoñer as principais funcións das diversas institucións existentes.		
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA2.3 - Promover estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna.	Coñecer diferentes problemáticas ecosociais e participar na conservación e mellora da contorna favorecendo o desenvolvemento sustentable.		
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.		
CA3.2 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA4.1 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do patrimonio natural e cultural a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade.	Protexer e respectar o patrimonio natural e valoralo como ben común.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación.
- Axenda Urbana. O desenvolvemento urbano sustentable. A cidade como espazo de convivencia.
- Os principios e valores dos dereitos humanos e da infancia, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución española, dereitos e deberes da cidadanía. A contribución do Estado e as súas institucións á paz, a seguridade integral e a cooperación interna
- A organización política. Principais entidades políticas e administrativas da contorna local, autonómica e nacional en España. Sistemas de representación e de participación política.
- España e a Unión Europea. Formas de goberno. Fórmulas para a participación da cidadanía na vida pública.
- España e Europa. As principais institucións de España e da Unión Europea, dos seus valores e das súas funcións. Os ámbitos de acción das institucións europeas e a súa repercusión na contorna.
- Cidadanía activa. Fundamentos e principios para a organización política e xestión do territorio en España. Participación social e cidadá.
- Igualdade de xénero e condutas non sexistas. Crítica dos estereotipos e roles nos distintos ámbitos: académico, profesional, social e cultural. Accións para a igualdade efectiva entre mulleres e homes: a discriminación positiva.
- Seguridade viaria. Normas básicas de circulación, sinais de tráfico e marcas viarios. Condutas e hábitos viarios correctos. Causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.
- O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero.

UD	Título da UD	Duración
6	A historia contemporánea de España	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a sociedade actual, valorando a diversidade etnocultural ou afectivo-sexual e a cohesión social, e mostrando empatía e respecto por outras culturas e a igualdade de xénero.	Coñecer as características básicas da sociedade na actualidade, aceptando a diversidade cultural.	PE	80
CA4.2 - Analizar relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión entre diferentes elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando cronoloxicamente os feitos.	Analizar elementos do medio social e cultural desde a Idade Media ata a actualidade, situando os feitos.		
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade, incorporando a perspectiva de xénero, situándoas cronoloxicamente e identificando trazos significativos sociais en distintas épocas da historia.	Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Idade Media ata a actualidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	Utilizar determinados dispositivos e recursos dixitais da cordo co contexto.	TI	20
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social ou cultural, mostrando e mantendo a curiosidade.	Amosar curiosidade polo medio natural, social e cultural máis próximo.		
CA1.3 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Realizar actividades no contexto da comunidade escolar de forma cooperativa.		
CA4.4 - Promover actitudes de igualdade de xénero e condutas non sexistas, analizando e contrastando diferentes modelos na nosa sociedade.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de procura e selección de información en Internet seguras e eficientes (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual); recoñecemento de riscos asociados a un uso inadecuado e pautas de actuación. - Historia e cultura das minorías étnicas presentes no noso país, particularmente as propias do pobo xitano. Recoñecemento da diversidade cultural e lingüística de España. - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais). As pegadas da historia na contorna. - Temas de relevancia na historia: Idade Contemporánea, transformacións económicas, políticas, sociais e culturais, o papel representado polos suxeitos históricos (individuais e colectivos), acontecementos e procesos. - O papel da muller na historia e os principais movementos en defensa dos seus dereitos. Situación actual e retos de futuro na igualdade de xénero. - As expresións artísticas e culturais medievais, modernas e contemporáneas en España e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. A función da arte e a cultura no mundo actual. - O patrimonio natural e cultural como ben e recurso; o seu uso, coidado e conservación.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán opcións empregadas para favorecer a participación do alumnado e para isto en cada trimestre, realizaremos unha actividade ou proxecto relacionado con algunha das unidades didácticas traballadas.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
EDIXGAL (LIBRO DO MESTRE)
Ordenador de aula e encerado dixital
Ordenador Edixgal do alumnado
Aula virtual do centro (recursos, tarefas ou contidos H5P)
Vídeos relacionados co tema
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Globo Terráqueo
Mapas e planisferios
Fichas e cartafol de aneis
Writer /Word/PowerPoint

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos para ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensinoaprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial durará a primeira semana lectiva do curso (2 sesións).

Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais. Para obter dita información empregaremos unha proba escrita.

A partir de da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	16	17	17	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores e sobre todo as probas escritas. Para cubrilas, empregaremos traballos en grupo, individuais, realización de tarefas, de proxectos... Tamén, empregaremos as diferentes probas escritas ao remate de cada unidade.

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

- 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).
- 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

A nota final, será a media dos tres trimestre. Sempre valorando o traballo e circunstancias do alumnado, o que pode variar a nota para mellor.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. Se na nosa aula dispoñemos de alumnado repetidor/a de curso, aplicaremos un plan específico de reforzo, deseñado en conxunto co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		X		X		
ET.6 - Empredemento	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable		X		X		
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivosexual	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito					X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades organizadas por institucións que resulten de interese para o alumando	Ao longo do curso, trataremos de asistir a actividades organizadas por institucións que resulten de interese para o alumnado con respecto ao tema que estamos traballando nese momento.	X	X	X
Visita ao Xunta de Galicia	No mes de decembro assistiremos a un Pleno no Parlamento da Xunta de Galicia	X		
Programa EduSostibilidade	Con este programa, sempre que o concedan, imos dar a coñecer as especies arbóreas orixinais das Rías Baixas	X	X	X

Observacións:

As actividades complementarias serán plantexadas para proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación deste tipo de actividades para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Metodoloxía empregada
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisa?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as probas aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender aos ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación docente?
Mantívose o contacto coas familias, implicándoas no proceso?

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción, e a orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas.

Distinguiremos dous momentos para levar a cabo dita avaliación: durante a unidade e ao remate da mesma. Estes dous momentos, teñen a finalidade de obter a información precisa para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo de ciclo nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente).

Tamén, levaremos un seguimento do desenvolvemento da programación a través da aplicación Proens (modificación de número de sesións, modificación de unidades, etc.).

9. Outros apartados